

INVESTIGACIÓN: “BOAS PRÁCTICAS DOCENTES NA UNIVERSIDADE”

ENTREVISTA

PROFESOR: Francisco Fontenla (Didáctica das Matemáticas).

ENTREVISTADORA: Mercedes González Sanmamed.

DECEMBRO 2005.

Mercedes: Iniciamos a entrevista con Francisco Fontenla, profesor de Didáctica das Matemáticas.

Vamos a empezar. O primeiro que abordamos pode ser a idade e a categoría docente... Unha presentación da túa situación.

P: Fixen 61 anos e...categoría docente, aquí, Profesor Titular de Escola Universitaria. Fixen licenciatura en Ciencias Químicas e aquí estou nunha área de Didáctica da Matemática.

M: ¿Desde cando te dedicas á docencia na Universidade?.

P: Na Universidade, dende o 75; e na docencia dende o 70.

M: Ou sexa, que antes tiveches experiencias na docencia fora do ámbito universitario.

P: No ámbito...bueno, ensino...chamábase a EXB daquela e collín o tránsito de...de cuarto de bacharelato, ou sexa os últimos cursos que había de bacharelato de 1º,2º,3º e o cambio á EXB. Entón era un grupo que estiven con el nun colexio... tres, catro anos co mesmo grupo e xuntos fixemos esa transición.

M: ¡Vale!. ¿E como foi o de dedicarse ó ensino na Universidade?. ¿Cómo deches o salto? ¿Baixo que circunstancias?.

P: ¡El azar!. Presentando instancias en todo centro docente para ver cal necesitaba un profesor.

M: Ou sexa que a túa idea era chegar á Universidade.

P: Non...a miña idea era... Gustábame dar clase. ¡O nivel...! Eu tiña a experiencia na EXB como xa dixeran antes, con rapaces de 12 a 14 anos, e mesmo nos primeiros anos en que estiven na Universidade estiven cun contrato de tres horas que non me aumentaban. Non sei o porque, e tiveron que seguir compaxinando docencia nunha academia, con, tamén, os últimos cursos da EXB.

M: Ben, mira... A ti ¿gústache ser profesor universitario?.

P: Sobre todo me gusta ser profesor, ¿universitario? Bueno...non se vive nada mal. O que diga o contrario minte.

M: Comentabas antes que o que che gustaba era ser profesor, e unha vez rematada a túa licenciatura en Ciencias Químicas, digamos que ésa era a túa saída máis desexosa; non ir a un laboratorio. Facendo Químicas o abano de posibilidades e máis amplo. ¿Por que ser profesor?.

P: ...Pola capacidade de decidir, por visión política, polo uso da palabra, por estar con xente nova.

M: ¡Ahá!. Ben... imos pasar agora ó segundo bloque que é sobre experiencia docente. Entón, ¿que materias impartiches ó longo dos anos?. Agora xa nos centramos na Universidade. ¿Que materias impartiches?, ¿Cales impartes agora? e si houbo algún cambio entre o desenvolvemento das materias, entre as que impartías e as que impartes agora.

P: Vamos ver...entrei no ano 75 encargado dun curso de 3º de Ciencias e dando Matemáticas-3 que daquela eran derivadas, integrales, e todas esas caralladas. Afortunadamente o primeiro que fixen foi cambiar toda a asignatura. Tiven esa

posibilidade. O xefe no...oía, no vía, non falaba, non se enteraba do que pasaba e mentres eu non lle dera o coñazo podía facer o que quixera. Entón digamos...pode ser a primeira Escola de Maxisterio que implantara unha asignatura, polo menos extraoficialmente, da Didáctica da Matemática. E bueno, afortunadamente poiden dar máis horas, pero case sempre estiven na sección...antes de Preescolar, agora de Infantil. Antes tamén algo en Ciencias, mentras existiu, pero podo dicir e actualmente co compañeiro de despacho e de área teño repartido perfectamente entre Primaria e Infantil. E en Infantil pois aparte das asignaturas do “Desenvolvemento do pensamento lóxico- matemático e ensino da Didáctica-1” e “Desenvolvemento do pensamento lóxico- matemático e Ensino da Didáctica-2” dou unha optativa en terceiro para todos os cursos e todas as especialidades de números e operacións. E ahí traballamos fundamentalmente a prensa. O libro de texto e a Voz de Galicia, o País e a partir das noticias facemos matemáticas e lemos matemáticamente o periódico e quero que os alumnos podan ter unha visión matemática do mundo e da vida. E despois cos de Infantil, teño que dicir que para estar máis tempo con eles lles dou as asignaturas optativas de xogo: en primeiro “O xogo na Educación Infantil” e en 2º a “Aplicación didáctica do xogo”. A primeira é a presentación da teoría do xogo: intentar desenvolver, dende o principio as actitudes lúdicas, xogamos co corpo, coa voz e coas mans, habilidade...e coa intelixencia. Facemos, polo tanto, sesións no pabellón de deportes, fora de clase...

M: Sí. Vinte o outro día.

P:...Ás veces polos pasillos. A de segundo xa é en aula, son xogos de taboleiro, xogos de estratexia, trátase de ensinar a pensar; por qué moves esa peza e non a outra, que consecuencias ten este movemento, que fas, etc. Presento 50 xogos distintos, procedentes do...mundo mundial, diversas culturas e civilizacións. E...bueno xa non sei o que estamos falando...

M: ¡ja,ja,ja...! Bueno estábamos falando das asignaturas que impartes.

P: ¡Ah! Bueno...sí as asignaturas son esas.

M: Vale. Imos intentar agora volver a aqueles primeiros momentos nos que empezaches a dar clases. Que problemas recordas, como afrontaches esa tarefa de empezar a ensinar, con que situacións te encontraches, como as superaches, que dificultades tiveches, que recordas daquelo...

P: Bueno. Hai que facer memoria porque estamos falando de hai trinta e seis anos. Empecei a dar clases con contrato, digamos, no ano setenta; e de Matemáticas con eses rapaces de finais de EXB, últimos anos de Bacharelato.

M: Sobre todo na Universidade, imos centrarnos só na Universidade.

P: Ah, bueno... como dixeches de ir para atrás.

M: Sí... ir para atrás pero...digamos..., ¿como afrontaches cando empezaches a dar clase na Universidade?. Porque son situacións distintas...Sobre todo porque nos contabas que fixeches unhas mudanzas, na materia, e..., ¿como afrontaches todo iso?.

P: A miña visión inicial con esa asignatura de Matemáticas tres ou de Didáctica da Matemática era transmitirille ó alumnado daquela a miña experiencia previa de profesor de EXB, de Matemáticas. Entón pois tiña moi recentes situacións didácticas e situacións ambientais da aula e éstos eran os exemplos e os debates que organizabamos na aula. Tiña, aínda, exames feitos dos rapaces corrixidos por min, e pasados a corrixir despois por eles. Recordo isto porque foi unha das cousas que máis sorprenderon ós rapaces, ó alumnado, daquela. Estaban convencidos de que as Matemáticas eran fáciles de corrixir. Si da tres ben, se non da tres mal e a tomar por ahí. Fas unha raia vermella e xa está. É precisamente ése o obxectivo. Como chegan a ese tres, como razonan, que din,

unha falta de ortografía. Este é un dos grandes debates, si en matemáticas contan as faltas de ortografía. É jodido esto... pero deben de contar.

M: ¿Recordas algunha dificultade?...si botaches en falta algo para afrontar o teu ensino na Universidade naqueles primeiros momentos.

P: Hummm, dificultades materiais, de espacio na aula. Daquela estaban os pupitres clavados na aula.

M: Ainda están agora, ¿ou non?, ja,ja,ja...eses trinta e seis anos...

P: Eh... te digo que eran máis difíciles que agora de mover, porque ademáis ían..., eran os profesores -siguen sendo agora-, ía decir unha chorrada... Ían os profesores ás clases dos alumnos. Agora gozo do privilexio de que veñan os alumnos á miña aula de Matemáticas. Eso foi o cambio máis importante que houbo, o de ter todo o material na aula e non andar carrexando co material dun lado para outro. E os problemas da...da docencia e da relación co alumnado ningún, máis ben os problemas da Universidade, da política universitaria, da política na Universidade, pois eso eran outros problemas que non veñen o caso.

M: Mira e si tiveras que verte en todo este tempo, ti como profesor, do que son as túas cualidades a túa maneira de dar clase. Cómo te sintes dando clase...notas ou destacarías algunha evolución no paso destes anos. Das as clases como as dabas antes, como te sentías antes, como te sintes agora.

P: Pois noto que cada ano teño un ano máis.

M: Bueno eso,... ja,ja,ja, para ben.

P: Non é que os rapaces cheguen máis novos, somos nos que...e esto repercute, lóxicamente. Cada vez me cansa máis dar unha clase: me movo, sudo, sigo poñéndome nervioso. Pósa pasión no que dis e entón sudas máis. E como vas máis vello cánsaste mais. Pero..¿Por onde querías ir?

M: Bueno...falar da túa evolución, como dabas as clases antes e como as das agora.¿Como afrontas ser profesor agora e como o afrontabas antes?.

P: Con máis tranquilidade. Con máis confianza. Antes entraba e non sabía si esta actividade que ía propoñer serve ou non serve hasta que a experimentas e a levas a diante, e ves como resposta o alumnado. Agora xa sabes, e botas man de outras cousas. Hoxe non preparo a clase e tiras dun papel que tes alí e repartes o papel e xa está. Isto podes facer incluso dando o pego, como si a cousa estivera moi pensada. Me parece que en eso, a experiencia, ganas en tretas e máis mañas e sabes como comer o coco sen necesidade de preparalo.

M: Vale, quen te ensinou, como aprendiche, como aprendiches a ser bó profesor, bueno a ser profesor.

P: ¡Ah!...un apelativo que...

M: Vamos a deixalo así, xa me imaxinaba que me ías a correxir, ja, ja,ja...Ser profesor. Afrontar a tarefa de profesor con máis confianza, tal e como nos estabas comentando.

P: ¿Como aprendín?. Pois aprendendo. Non hai un libro que te ensine a ser profesor: O “aprende a ser profesor en quince días”.

M: ja,ja,ja, afortunadamente que non o hai...

P: Bueno algúns preferirían que lle deras a receita e xa está. Por exemplo, os dous últimos anos en Santiago, de estudante eu daba unhas pasantías, que se chamaban, de Física e Química, e de Matemáticas para preparar a reválida de cuarto, a reválida de sexto e as recuperacións. E na Universidade me adiquei suficientemente á política e eso da unha certa cancha e táboas. Dirixir assembleas de tres mil tipos durante todo un curso, en Santiago, o famoso curso de... o Maio Francés.

M: Ja,ja,ja, “á galega”.

P: Pois tamén te da táboas, e o de trinta alumnos nunha aula non é nada comparado con aquelas feras que éramos. Quero dicir que é un cúmulo de circunstancias que sabes encarar e estar diante dun auditorio. Que, e parece que eso é unha das cousas, que polo menos nos nosos alumnos de Maxisterio, que parece que ata lles da corte falar diante dos seus compañeiros. Pois eso son cousas que temos que ensinar. E, pero bueno, sobre todo ter táboas e experiencia e eso... Bueno, tiven a sorte de ter esas táboas e o tránsito á unha aula é moi doado, non tiven máis problema. Recordo que na primeira clase que entrei eu había un problema, un rapaz inglés que non falaba nada de castelán. O que despois me contaba este rapaz é que o primeiro que aprendeu foi a dicir “silencio” por que o dicía o profesor repetidamente. Pero bueno... pensei: “non teño que dicir tantas veces silencio”.

M: Ja, ja, ja. Bueno, co paso do tempo un vaille quitando importancia a certas cousas. Vaille dando máis importancia a outras cousas. Neste momento, ¿a que lle das máis importancia á hora de desenvolver a túa tarefa docente?.

P: Amanece que non é pouco.

M: Como profesor...

P: Amanece, que non é pouco, vives... é importante. E como profesor, aquí dou importancia, e cada vez máis... estou convencido, ás actitudes, tanto do profesor como do alumnado e o concepto que eu teño do alumnado e que intento transmitir. Algúns pensan que ser bo alumno é estar “caladiño” e tomar apuntes, e repetir o que ti dis. Pois non, hai que facerlles preguntas que lles rompan o coco. Por exemplo: ¿por que caben os redondos no cadrado?; ¿por que os números cantan?...e cousas así. Poñen a mesma cara que pos ti.

M: Está claro.

P: Poñen as mesmas caras que estás a por ti en este momento. Se quedan así, e pensan: e éste está pirado ou que. Bueno...eu xogo moito na clase con eles, conmigo, coas Matemáticas, e coa Pedagogía. Bueno eso xa...imaxínate ti. [fai soar as claves musicais] e di: é unha das miñas técnicas.

M: Sobre esto conversamos onte á noite. Ja,ja,ja.

M: Bueno, para rematar este bloque de experiencia docente.

P: Bueno pensei que xa rematabamos aquí a entrevista.

M: Repito... Para rematar este bloque de experiencia docente, hai unha cuestión que é a docencia-investigación. Na Universidade é unha cuestión que nos diferencia dos outros profesores de outros niveis de ensino: tamén temos como tarefa a investigación

P: Teño resolto o problema: eu non teño capacidade investigadora.

M: Eso non impide que poidas investigar, que queiras e que investigues polo tanto non te salvas da resposta así tan facilmente. Ja,ja,ja.

P: Pois non me preocupa a investigación. Non me preocupa ser doctor, non o preciso na vida. Non quero ser catedrático. Me chega con ser profesor Titular de Escola Universitaria. Un corpo a extinguir. ¡A ver si o fundimos definitivamente!.

Investigar... Bueno, é que o concepto que eu teño persoalmente non é o oficial. E para min investigación significa aprender. Aprender cousas que non sabes e que as aprendes e para eso vas: colles, les, discutes. E para min dar clase é facer unha investigación: ver como aprenden os alumnos e usar un material que pode ser axeitado... ou despois de usalo ves que non vale para nada aínda que veña coa garantía de fulanita de tal. Pero a min non me vale e non o uso.

Pero iso podes dicilo despois de experimentar. ¿é investigación eso? E unha pregunta que deixo no aire.

M: Bueno, vale, ... pasamos ó terceiro bloque. E vamos intentar que nos expliques como plantexas a asignatura tendo en os tres momentos: planificación,

desenvolvemento da clase e avaliación. Entón empezamos pola planificación. ¿Cómo planificas a materia ó inicio de cada curso?. ¿Como plantexas esa idea de que é o que queres facer ó longo do curso?.

P: Eu teño unha idea previa, persoal da asignatura. Eu presento un proxecto do programa e digo proxecto porque de programa se pode falar en xuño, cando remata o curso. Mentras é un proxecto. Quero dicir que é modificable. ¿Quen pode modificalo? Eu. O Departamento debería de meterse neses temas, en modificar un programa ou facer suxerencias, críticas. Pero estes Departamentos, xa sabes, que tan só serven para aspectos administrativos.

Por certo vou retomar a proposta que fixen o ano pasado para ver si o Departamento o pode facer. Ata agora non houbo maneira de poder reunirse máis de tres persoas para compartirmos. Está todo o mundo moi ocupado.

M: Coa calidade. Está todo o mundo pendente da calidade.

P: Pero bueno... hai un proxecto de asignatura que eu teño en mente e o intento trasladar a un papel. Pois de uns temas, por seguir o santo da expresión. Pero insisto en que se pode cambiar e poden cambialo os alumnos, pero o primeiro día non poden facelo porque non saben de que vai. Co paso das sesións poden ir opinando e dicindo cousas. E unha cousa que teño claro dende o principio: a mellor maneira de gañar o tema é sabelo perder. Polo tanto non me agobia o “tema un”, o “tema dous”. Que si “chego ó tema sete” ou me quedo no tres. Estou convencido que os alumnos de agora, profes no futuro, se necesitan un dato ou un coñecemento saberán buscalo. Deberían de saber buscalo. O que hai que traballar son outras cousas co futuro profesor: as actitudes, o xeito de expresarse, o xeito de ver a realidade, o xeito de relacionarse, todas esas cousas que non figuran no tema un, dous ou tres explícitamente pero que aparecen de cotío. Entón, ao longo do curso esa planificación se transforma, en eso, nun papeliño como o que tes ti diante que reparto ós alumnos e lles digo o que me parece da asignatura. Nel tamén aparece o xeito de avaliación.

M: Mira, en concreto, falando dos contidos das materias: ¿en base a que seleccionas eses contidos que vas traballar nas materias?.

P: Fundamentalmente en base ó currículo escolar, o sexa, á matemática escolar que vai ter que ensinar.

M: O currículo oficial que teñen en primaria, por exemplo... En Matemáticas, en Primaria...

P: E que ademáis é de obrigado coñecemento. Estamos poñéndonos de acordo os profesores de Didáctica da Matemática de polo menos tres localidades de Galicia en poñer requisitos previos para aprobar, coñecer a matemática do ensino obrigatorio. Non poden facer didáctica si non saben sumar, e non se pode facer a didáctica da suma si non saben sumar; e deben de aprender a sumar de vinte maneiras distintas.

M: Sen ser polos dedos...

P: Unha podería ser ésa. Vinte maneiras distintas, fundamentalmente para non creerse que hai unha sola forma de aprender a sumar. Pode ser que ti so coñezas unha e por eso penses que non hai máis. É ahí onde o profesor empeza a creerse que é dogmático. Eu coñezo 26 maneiras de sumar distintas e seguro que hai máis. Isto é ter recursos didácticos, non ter un ábaco moi bonito feito con boliñas de plastilina e coa compañeira de traballos manuais. Eso é o de menos.

Recursos humanos, tamén son importante. Si un rapaz che di: “profe, non entendo” o que non se pode facer e repetirlle o mesmo coas mesmas palabras, porque á terceira vez que llo fagas dirache: “profe, ti es parvo”. Estou dicindo que non entendo, non me repitas o mesmo.

Si tes recursos deste tipo:... ¡Ah! ¿Non entendes esta forma de sumar?. Pois aquí tes outra, ou doutra maneira. ¿Cal é a que máis che gusta?. E despois xa haberá tempo a que ese rapaz volva a usar o algoritmo usual e normal. Pero si non entende, ti non insistas.

M: Vale. Mira, ¿e a preparación sesión a sesión?. Cando ti tes clase ás once, ¿como preparas a clase?. Dun día para outro... ¿que tipo de estratexias te montas para decidir que vou facer en clase mañá o en clase dentro de media hora?. ¿Hai algunha preparación específica previa en cada sesión?.

P: En cada sesión, sí e non. Depende. ¿De que depende?. Do tema. Así: o tema dous que estamos a traballar (“a vivencia espacial”), está claro de que durante estos quince días, nas seguintes catro sesións, hai que moverse. Porque si non, non podes representar o espacio si ti antes non vives o teu desprazamento no espacio. Entón pido o pabellón de deportes para usalo. Non podes chegar alí de improviso porque, si non, non cho deixan. Bueno esas cousas que son así. Ou preparar o material. Van ler este documento. Hai que ter unha fotocopia por cada grupo, cando menos. Ou vamos a traballar cos ábacos ou cos bloques lóxicos, imos ter o material preparado. O problema de cando o usas é gardalo. Normalmente o deixamos alí. Ja, ja, ja .E chega ó final de curso e temos que ordenalo todo para poder usalo de novo no seguinte curso. Esa é a preocupación, e claro que existe. Non podes ter a iluminación nun momento divino que entras na clase. Normalmente “la cagas”.

Eu espero sempre ós alumnos na clase. Normalmente chego sempre antes que eles. Xa saben que a clase empeza ás once.

M: Mira, dinos unha clase. Imaxina que nós poidéramos estar véndote e que empeza a clase agora, ¿como distribúes?. ¿as clases son de unha hora ou hora e media?.

P: Son tres horas a semán. Normalmente fago dous módulos: un de dúas horas e outro dunha hora.

M: Pois descríbenos o esquema de clase máis ou menos...

P: Pois sería: O módulo de dúas horas é fundamentalmente práctico e o módulo dunha hora é cando eu podo dar máis...”teoría” que din os rapaces. Entón, é presentarlles o que van facer nesas dúas horas de clase: explico, resolvo dúbidas previas. O material xa o teñen cada grupo na súa mesa. Si é material funxible, material de mover, tocar o teñen nas caixas, alí (sinala). Si é material de papel, por exemplo, na sesión de problemas, tamén teñen os folios diante. E despois é que empecen a traballar e eu intervir á pregunta que me fagan ou preguntando eu. Me sento normalmente e estou un pouco con cada grupo. ¿Que fago con eles?. Pois “putealos” un pouco, facerlles moitas máis preguntas das que figuran no papel, preguntarlles porque dis eso...e así pásache a hora e media sen darte conta.

Bueno esto é como modelo xeral. Despois hai veces que cortas a clase e escribes algo, cambias un material. Pero como esquema xeral poderíamos dicir: presentación da sesión, non máis de 10 min., posta en traballo, traballar en grupo.

M: Traballo dos estudantes.

P: Sobre unha hora, intervindo con eles. Despois como reflexión conxunta, poñer o broche final á actividade que fixeron. Bueno ahí xa hai que “pór os puntos sobre as íes”. É a última media hora de clase, do final de todo, máis ou menos.

M: Vale. E a sesión digamos teórica, a dunha hora ¿como é?.

P: Hai días que non queda máis remedio e tes que explicar. Pero sempre que tes que explicar introduces ó longo da exposición preguntas que teñen que contestar nese momento: un problema, un exercicio, un exemplo. Pois, por exemplo, onte sobre o tema: que é un teorema, plantexamos o teorema, matematicamente, é isto. E tes que poñer exemplos. Interesa que o rapaz en primaria, ou en infantil, bueno vamos na escola obrigatoria, demostre matematicamente algo. Tema a debatir: pois chegamos a

conclusións dun tema. O importante para os rapaces é comprobar. Pois tes que poñer exemplos de que o teorema é isto. E a suma “de los ángulos interiores de un triángulo vale 180 grados”, e hai toda unha demostración e partes dun axioma e patatín e patatán. ¡Bah!, está nos libros eso. Ó rapaz de primaria, vaslle ter que pintar un triángulo. Corta por aquí e corta por aquí, ¿onde poido dibuxar?... e tal; e ten 180 grados. Comproba o teorema.

M: A entrevista tiña que ser en vídeo, non chega en audio.

P: É máis interesante que un rapaz comprobe que o que ti dis é certo. Mentras para o teorema de Pitágoras... “¡ah!, Pitágoras sería moi listo”, pero...

M: Seguro que non coñecía a Harry Potter... Ben, vale. Dinos -xa foi saíndo ó longo da conversa-, pero bueno dinos que materiais utilizas. Ou nos mandas por correo electrónico a lista, Ja,ja,ja.. Apuntes, fotocopias, ábacos, bloques lóxicos, corpos xeométricos...

P: Vamos a ver. Na aula hai unha biblioteca de aula. Os libros da asignatura están ahí porque así si ten que pillar algún llo digo e van collelo, porque si ten que ir á outra biblioteca, pasan polo bar e xa...entón ese é un material.

M: Os libros de texto de primaria., estamos falando.

P: Os libros de Matemáticas, de Didáctica da Matemática, os libros de texto, claro está para que coñezan quen é “Anaya” e “Santillana”, e bueno son os que están ensinando.

M: Claro, obviamente.

P: E bueno ése é un tipo de material. E tamén a pantalla, o retroproyector para a diapositiva, para o acetato... todas esas cousas. E despois “o corpo”, “a voz”. Fago moita mímica. Móvome moito para captar a atención do alumno e cousas así. E despois o que se coñece como material didáctico: ambiental e concreto; ou específico de matemática. Material ambiental: pois cálculo, “¿sabes o que significa?”, cálculos, calculi...pedra.

M: Sí, os cálculos renais son pedras.

P: Pois xogamos ás pedras para contar, para facer cálculo; pedriñas, bolas de plastilina, bolas para xogar. Bueno, ése é o material ambiental. Despois o material estruturado ou concreto pois, constrúen os rapaces unha máquina de apuntar. Eu teño un prototipo, digamos. Isto o fan eles, e despois ábacos, que están comercialmente por ahí, bloques lóxicos, xeoplanos, caixa de sólidos, de corpos xeométricos, caixas de figuras planas. Moito mosaico. Fotos da Alhambra, cartulinas para facer posters. Cando sae un matemático pregunto: a ver... ¿que sabedes deste?. Ó único que coñecen é a Pitágoras. Ése o coñecen todos. Pero despois si lles pides o nome de seis matemáticos sae cada un que...entón fan unha presentación de quen e cada un e... ¡Ah! teñen unha cartulina para ofrecer información visual do señor ou señora. Hai poucas. ¡Ah!, ¿Hai matemáticas?. Matemáticas é feminino. Non digo se hai mulleres matemáticas. Hai poucas, seis ou sete. Así, destacadas. Si chamamos matemático a calqueira...,pois bueno.

M: Cada ama de casa para chegar a fin de mes.

P: Non ésas son máis economistas, ou non.

M: Vale.

P: ¿Quen fai economías?. O que chega á final de mes.

M: Exactamente.,

P: Bueno todo tipo de material ambiental e específico que vou encontrando, que vou mercando, que vou construindo, que imos facendo.

M: Mira, e... ¿utilizas a Facultade Virtual?. O valoras dalgunha maneira.

P: Non eu son máis ven de tradición oral. Uso a informática como recurso persoal porque é máis cómodo e doado facelo no ordenador que facelo a man. Pero fora deso

non. Non uso a Universidade Virtual. Pero teño no despacho un experto nese tema e xa él se encarga...ten dúas pantallas.

M: Vós sodes as dúas “medias laranxas”, e...cómo vos complementades...

P: Sí...me trae..., me trae louco. Non é un tema que...sei que por ahí vai o mundo pero eu penso que vai un tanto descarriado.

M: Mira con respecto da metodoloxía, que é un tema que co nos fuches contando se pode xa extraer, pero... ¿que tipo de metodoloxías consideras máis pertinente para o desenrolo da túa clase?. Evidentemente con respecto ás túas asignaturas. Unha metodoloxía de observación, de produción de...

P: Non sei, ¿como lle chamades os pedagogos?.

M: Ti, describe ti... Despois a etiqueta xa lla poñemos nós...

P: Dicía un gran matemático que seguro que xa o coñeces, Levis CarWell.

M: Si...

P: Lo decía en “La caza del SmarK”, que cando fas a cousa tres veces... entón xa tes un método.

M: ¡Ah!. Perfecto.

P: Entón... ti fas unha cousa e ves como sae. Si sae ben, repites. Si sae mal, a esqueces. E eu parto do convencemento de que aprendemos cando facemos as cousas. O alumnado ten que facer cousas. Ten que ter unha actitude activa, en clase, se non malo. E non tomar apuntes. O de menos é tomar apuntes. Pero ten que facer para ver. Ademáis, eu fundamentalmente traballo unha matemática intuitiva. Así que ten que entrar polos ollos e facer coas mans. Polo tanto é unha metodoloxía activa do profesor e do alumno, por suposto. E está claro que co paso dos anos vas modificando a túa actitude incluso a forma de estar en clase, pero sempre partindo da idea de que unha clase non pode ser un “muermo”, e que hai que facer cousas e si son divertidas mellor. Claro, si te aburres ti ¿c omo non se van a aburrir os alumnos?.

M: Ben. Falamos de avaliación. ¿Como avalías?, ¿que aspectos?, ¿con que criterios?.

P: Tento de que se avalíen eles. Digo tento, pero é unha tentativa inútil porque estes entenden que por ser compañeiros xa teñen un nove. Non podes, non podes. Eu intento que vexan que hai de 0 a 10. E un compañeiro pode ser moi listo neste..., e non saber nada de esto e podes poñerlle un cero; e máis si sabes que non fixo nada porque os compañeiros saben quen fixo algo e quen non fixo nada e o teu lado sabes perfectamente quen traballa e quen non, e saben quen está en clase facendo algo e quen está ó teu carón rascádoa. Eso o sabes. Pois califica e ten a valentía de decírllo. Non dis que es amigo del, pois dillo. Insisto, é unha tentativa.

Normalmente aproba todo o mundo. Non quero dicir que haxa aprobado xeral, é distinto. Pero si fan as cousas de clase, me responden a 10 preguntas que ó longo do curso fago un día en clase e llas recollo por escrito na clase seguinte, lle chamamos cuestionarios a eso. Teñen un par de días para discutilo, para buscar información sobre o tema. Non os pillo por sorpresa. Pois con que fagan as cousas de clase e me contesten ós cuestionarios ó longo do curso, normalmente aproban. Despois un par de traballos en grupo. Pero claro despois ven a loita. O grupo ten un sete pero, claro, dentro do grupo hai 5 persoas distintas, e un solo grupo verdadeiro; así un pode subir de 7 e outro baixar de 7, ¿en base a que?; pois ó que fan cada quen en clases.

Eu intento que eles mesmos se autoavalíen, pero é unha tentativa que... hai que seguir pelexando pero...que pouco...

M: En xeral ¿consideras...?, ¿estás satisfeito do rendemento dos teus alumnos?.

P: Do rendemento...Sí. Do rendemento sí. Entendendo por rendemento si fan as cousas. Pero que as fagan correctamente ben, ¡hummmm!. Téntano.

Eu penso que traballan suficiente, intento que traballen eles mesmos e recoñecen que é unha das asignaturas que traballan, que teñen que facer cousas e non lles queda máis remedio que facelas. Agora ben, todo está mesturado coa súa actitude diante da vida, do mundo, da Universidade, da carreira e da profesión. Entón, ahí, xa inciden unha serie de cousas que fan que a visión que nestes momentos eu poida ter do alumno é un tanto negativa: Falta de interés. Agora son novos, sí. O problema da profesión, non hai traballo, e entón pois eso é o que os fai ser pasotas ou drogatas que é outra forma de pasar.

M: Vale. Imos ó ultimo bloque da entrevista.

P: ¡Ah,ah,ah!... Os invito a un café.

M: Aínda por riba.

Bueno ¿Qué é o que máis che gusta e o que máis che disgusta da profesión?. O que che gusta e o que non che gusta de ser profesor.

P: (silencio...). Nunca me fixen esa pregunta de que e o que máis me gusta e o que máis me disgusta. (novo silencio). O que máis me gusta é estar, ser. E o que menos me gusta ter que vir, ja,ja, (silencio...)

M: Nos explicas un pouco máis esto último.

P: Disgústame ter que traballar para cobrar. Gustaríame cobrar sen traballar e o que diga o contrario minte. É o que menos me gusta, ter que traballar. O que máis me gusta traballar. ¿contradicción?, pura e dura. Son un tipo contradictorio. E que queres.

M: Vale. En xeral sínteste satisfeito das clases. Che reconforta rematar as clase é te sintes a gusto. Tes algún sentimento, algunha frustración..

P: Sí. Salgo contento porque entro contento. Divírtome na clase. Así pois non me da tempo a aburrirme. Agora ben, cando te pós en plan filosofante, dis “total o que fago non serve para nada”.

M: ¿Consideras que a docencia, a ensinanza, é importante?. En que medida pensas que a túa docencia, o teu traballo como docente pode influir..

P: O meu ou a docencia...

M: As dúas cousas. En xeral consideras que a docencia ten importancia e en concreto crees que pode influir na formación dos estudantes. Que o noso traballo ten algunha proxección ou valor. ¿Cómo o ves?

P: Eu son dos que pensa que, afortunadamente, os rapaces aprenden sen mestre. Non precisan ó mestre para aprender e xa está. Xa está definida a nosa función: Non entorpecer esa aprendizaxe. Con que fagamos, con que consigamos eso: Que aprendan, xa cumplimos. Esta claro, que é moito máis caro la no-educación que la educación. A educación é cara para un país, pero máis cara e a non- educación.

M: Bueno. É un argumento.

M: Vale. Agora pasamos a outro apartado: ¿Qué opinión tes da Universidade? ¿Da titulación na que estás traballando?

P: Da Universidade... da titulación ...

M: Bueno da Facultade e da titulación. Por si hai certos matices a que atender; dos que queiras comentar...

P: Matizar ¿non sí?. Non ¿a Universidade? é unha “casa de ...” pero ben organizada. ¿A titulación? o que menos conta son os alumnos. Os planes de estudio se fan non pensando no alumnado se non en cantas horas pode ocupar o profesor. Cantas asignaturas terá. E a ver..., o Departamento tal...Os alumnos non contan. Eso sí, predicamos todo o contrario, pero bueno... Os alumnos non contan para nada. E ¿para qué serven os coñecementos adquiridos na carreira?. Eses tres anos que pasan aquí (silencio...). Como os que perdín eu en Químicas, tantos anos. Para nada. Porque cando chegas á profesión tes que voltar a empezar. É cando empezas a aprender de verdade, e

aprendes aquilo que precisas, e aprendes de verdade. Os rapaces distinguen moi ben. A que esto e todo pura teoría. Todo teoría, non vale para nada. Porque ademáis están os libros, para que os repetimos.(silencio). Bueno xa.

M: Crees que polo tanto aquí se da... Se imparte un ensino de calidade a pesar de todo o que acabas de dicir antes.

P: Para contestar esa pregunta tería que coñecer o que se fai aquí pero como éstos son compartimentos estancos eu non sei o que se fai no compartimento do lado. Polo tanto non me atrevo, non teño dereito a dicir que é calidade ou non é calidade.

M: Vale.

P: Podería facer un chiste, pero non.

M: Bueno mira, pola relación que tes cos colegas e demáis ¿como ves á xente?. A ves animada, vela comprometida, preocupada. ¿Que percibes dos teus colegas, aquí, no entorno da Facultade?.

P: (silencio). En liñas xerais a xente está moi preocupada por estar moito tempo aquí. Pero eu non sei que fan. Di todo o mundo que fai moitas cousas. Pero bueno agobiadísima de traballo. Pero si hai unha preocupación profesional na meirande parte da xente e tamén hai “las que... desgraciadas excepcións “ que non podes dicir que sexan profesionais. Pero profesionalmente, sí hai xente que está preocupada por cumprir e a xente tenta facelo ben. Uns mellor que outros, pero...

M: Vale. Ti crees que ...Dirías que hai algo urxente que cambiar na titulación para que mellore a formación dos estudantes. A ver..., algo que ti digas esto sí, esto hai que cambialo para facelo mellor.

P: (Silencio). Home a min me preocupa o tema das Prácticas. Eu penso que...e que dende a perspectiva do alumno o tempo de prácticas é do que máis satisfeitos están. Habería que aproveitar iso para que realmente aprenderan. Entón, claro, non poderían ir á metade das aulas que van, porque ahí non aprenden absolutamente nada. Teríamos que ser nosoutros, dende aquí, da Facultade os que fixéramos como unha selección de mestres, de aulas, de fulanito de tal. Pero claro, entra en contradicción coas facilidades que se lle dan ó alumnado para que estean no colexio á carón da súa casa, o colexio que xa foi él. E volve a repetir o que xa fixeron con él. Para min eso sería o máximo que habería...o máis importante que habería que cambiar cando se puidese. Pero... ¿se pode cambiar algo?, pregunto.

M: Igual haberá que intentalo. Ti mesmo dixeches que estás proponendo, a nivel de Departamento, certas cousas.

Bueno a última pregunta: si participas nalgún tipo de innovación por iniciativa túa, por algún programa institucional, por algún proxecto de traballo con colegas de aquí, doutras universidades.

P: Eu sempre traballei con mestres en exercicio, ó marxen da institución universitaria. Normalmente, algúns anos, piden ese seminario e eses fondos que concede a Xunta, pero bueno para ir a cear algún día, da para eso, ¿non? Outros anos, nada, simplemente un grupo que funciona ...Por exemplo: estou agora empezando un contacto cun grupo de Infantil que funciona aquí no CEFORE, ¿se chama?

M: Sí, CEFORE.

P: Que traballan fundamentalmente a linguaxe. Están preocupadas por facer cousas coa linguaxe. Meter o tema das Matemáticas, ahí, con elas. Ó fin e ó cabo a matemática é unha linguaxe. Entón eso. O grupo xa está. O coñecín a través da coordinadora do CEFORE, Charo Belda. É ela a que me vai pór en contacto con esta xente. Xa lles falou o que a min me gustaría e ela me contou o que están facendo. Ate agora participei nun grupo de Matemáticas famoso no mundo mundial: “NEGAMATES”. Negamates por que negábamos as mates e eramos de nega, de Nova Escola Galega, entón saíunos ese

nome. E funcionamos durante un tempo e bueno de ahí sairon cousas bonitas, productivas e que incidiron nas aulas. Eso si é certo.

Tamén estou en “AGAPEMA”, que é a Asociación de profesores de educación matemática galego, e hai grupos de traballo, facemos exposicións de matemáticas e organizamos cousas con rapaces e tal e cual, en fin.

M: A nivel da Universidade.

P: Bueno véxome cos amigos. Dunha maneira..., houbo un tempo que moi frecuente pero cada vez máis esporádicamente. E últimamente co rollo este de ...¿Cómo se chama? “a salsa boloñesa”.

M: Os ECTS. Os créditos europeos.

P: Pois coa asignatura de Infantil “O desenvolvemento do pensamento matemático”, co compañeiro de Pontevedra e a compañeira de Santiago e así nos vimos últimamente máis. De Ourense e de Lugo non aparecen, pero bueno que se lle vai facer. E temos casi confeccionado un programa conxunto. E fixemos como unha especie de documento interno, pero que estamos de acordo os tres. E o proxecto era seguir..., si ben este ano nos está costando un pouco; o ano pasado foi cando nos reunimos tres ou catro veces. Pero o proxecto era deseñar actividades. Coller un tema, por exemplo, coller as primeiras operacións lóxicas: a clasificar, a seriar, e diseñalo entre todos para despois poder tamén transmitir o mesmo aínda que cada quen coa súa característica persoal; pero que polo menos houbera unha unidade do contido. Que as actividades que se poñen na clase para facer os alumnos que foran as mesmas, e tal. Con eso sería un xeito de co-presencia interesante. O mellor non ten moito que ver co da “salsa boloñesa” pero bueno a nós nos está gustando facelo así. E polo tanto seguiremos facéndoo así si é que a mediados de xaneiro, que xa remata o cuatrimestre, quedamos máis liberados das cousas.

M: Vale. Si queres engadir algunha cousa máis, algún comentario.

P: ¡Ai non, xa falei abondo!.

M: Vale. Moitas gracias.